



INSTRUCCIÓN 4/2010 DA SECRETARÍA XERAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DE 9 DE XUÑO, SOBRE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN INDIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2010-2011

Normativa aplicable: Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro (DOG do 6 de febreiro de 2007), Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG do 5 de marzo de 2007), modificada pola Orde do 13 de xuño de 2008 (DOG do 19 de xuño de 2008), Decreto 374/2009, do 6 de agosto (DOG do 14 de agosto de 2009), modificado polo Decreto 439/2009, do 11 de decembro (DOG do 24 de decembro de 2009), e Orde do 17 de marzo de 2007 (DOG do 19 de marzo de 2007).

1. Ámbito temporal de aplicación

Esta instrución establece as liñas xerais de organización e funcionamento, para o curso escolar 2010-2011, dos comedores escolares de xestión indirecta dos centros docentes públicos que impartan os niveis de ensino obrigatorio e/ou segundo ciclo de educación infantil.

Para poder ser usuario do servizo, o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia establecida por esta Administración, sen prexuízo do disposto no apartado 16 da presente instrución.

2. Contratación do servizo de comedor escolar no curso 2010-2011

O servizo será contratado pola consellería mediante os procedementos legalmente establecidos. Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas detallarán as características esenciais do contrato (prezo, número de usuarios, número de persoal de atención ao alumnado, etc).

Segundo os importes estimados dos contratos, a tramitación correspondente seguirá as seguintes pautas:

- **Os contratos menores de comedor escolar (orçamento < 19.439,99 €)**

O/a director/a do centro, como presidente/a do Consello Escolar, conseguirá cantas ofertas independentes considere necesarias, e, en todo caso, un



mínimo de 3, agás que xustifique motivadamente a imposibilidade de obtención de dito número. (Anexo I : modelo de proposición económica).

O/a director/a do centro someterá á aprobación do Consello Escolar unha proposta de adxudicación do servizo de comedor escolar para o curso. A proposta (acompañase modelo como Anexo III) aprobada polo Consello Escolar e o resto da documentación relativa á empresa, trasladaráselle ao xefe territorial quen, previa comprobación da súa corrección e idoneidade, elevaralla, co visto e prace do Xefe Territorial correspondente, ao secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, xunto coa documentación empresarial, na 1ª semana do mes de xullo do exercicio en curso para que adxudique o contrato.

O empresario proposto como adxudicatario deberá ter constituída, antes da formalización do contrato, unha póliza de seguro de responsabilidade civil (RC) que ampare os riscos xerais de explotación da actividade no CEIP, CPI o IES correspondente e os riscos por intoxicación alimentaria (ou tamén RC de produtos) por un capital mínimo de 60.000 €.

Enviarase unha copia do contrato formalizado ao departamento territorial e ao centro correspondente.

- **Os contratos de comedor escolar cun orzamento de licitación entre 19.439,99€ e 64.799,99 €**

As Xefaturas Territoriais correspondentes enviaranlle ao órgano de contratación unha proposta de invitación para un mínimo de 3 empresas capacitadas para executar o contrato na 1ª semana do mes de xullo do exercicio en curso. A proposta deberá incluír un listado de tales empresas con todos os seus datos (denominación social, enderezo, teléfono, fax, correo electrónico)

A Subdirección Xeral de Recursos Educativos Complementarios tramitará o procedemento de contratación e, unha vez adxudicado definitivamente, enviará una copia do contrato ao departamento territorial e ao centro correspondente.



- **Os contratos de comedor escolar cun orzamento de licitación >64.799,99€**

Adxudicaranse polo procedemento aberto.

A Subdirección Xeral de Xestión Orzamentaria e de Recursos Educativos Complementarios elaborará os pregos, someteraos aos informes que sexan preceptivos, tramitará contablemente os expedientes, publicará os procedementos e elaborará, someterá aos importes oportunos e aprobará os contratos.

As mesas de contratación celebraranse nas sedes dos distintos departamentos territoriais e estarán composta por:

- Un/unha presidente/a, que será o/a Xefe/a Territorial
- 4 vogais: un representante do órgano que teña atribuído o asesoramento xurídico do departamento territorial, un/unha interventor/a territorial, o/a subdirector/a xeral de Xestión Orzamentaria e de Recursos Educativos Complementarios, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente en caso de ausencia do titular, e o/a xefe/a do Servizo de Recursos Educativos Complementarios do departamento territorial que corresponda.
- Un/unha funcionario/a do Servizo de Recursos Educativos Complementarios do departamento territorial, que actuará como secretario/a.

O/a presidente/a da mesa de contratación poderá acordar a incorporación, en calidade de asesores, dos/as directores/as dos centros nos que se prestará o servizo de comedor escolar que se está a contratar, así como solicitarlles os informes técnicos que considere precisos para unha mellor resolución.

Excepcionalmente, a Secretaría Xeral da Consellería poderá determinar que as mesas de contratación se celebren nos servizos centrais.

3. Os prezos dos contratos de comedor escolar

As cantidades máximas autorizadas (incluído o 8% de IVE) para cubrir o custo diario do cuberto con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2010/2011, serán as seguintes,:



TIPO DE COMEDOR	CON VIXILANCIA 2 HORAS (ata a volta a clase pola tarde)	CON VIXILANCIA A 1 HORA (ata a recollida do transporte)
Tipo A – hasta De 1 a 40	5,43 €	5,43 €
75 De 41 a 75	4,80 €	4,41 €
Tipo B- 76-150	4,41 €	4,08 €
Tipo C- 151-250	4,18 €	3,76 €
Tipo D- 251-350	3,95 €	3,65 €
Tipo E- + de 350	3,68 €	3,11 €

Con carácter excepcional, a Secretaría Xeral poderá autorizar uns prezos máximos superiores atendendo ás características específicas daqueles comedores de dimensión reducida e/ou situación xeográfica illada.

O prezo diario do cuberto terá en conta os custos de:

- A elaboración dos menús
- O persoal de cociña e servizo
- A limpeza
- A enerxía: cando se usen as instalacións do centro, establecerase unha contía de 0,10 € por menú servido que pagará a empresa. O pagamento da factura do último mes estará supeditado a que a empresa xustifique que aboou estas cantidades por combustible na conta do centro.
- O enxoval, de ser o caso
- A vixilancia

4. Funcións de dirección, atención e colaboración

A función de director/a recaerá sempre na persoa que ostente a dirección do centro, polo que as tarefas que lle atribúe o artigo 11.2 da Orde de 21/02/2007 son indispoñibles.



No caso de que as tarefas de colaboración non estean incluídas no obxecto do contrato que se subscriba, as funcións de atención ao alumnado usuario do comedor serán realizadas preferentemente por persoal, funcionario ou laboral, do centro ou, de non ser posible, por membros da comunidade educativa (nais, pais ou titores legais do alumnado) que se presten voluntariamente.

Se fose preciso autorizar polas Xefaturas Territoriais da Consellería a un membro da comunidade escolar, que careza de relación funcional ou laboral coa Consellería e se preste voluntariamente, para actuar como colaborador no comedor, esta persoa, antes de asumir tal cometido, deberá asinar a declaración que se xunta como Anexo I da presente Instrucción, na que consta o carácter altruísta e a título de colaboración social desinteresada da súa prestación.

As tarefas de colaboración no comedor escolar só poderán ser desempeñadas por nais, pais ou titores de alumnos/as que estean cursando actualmente estudos no centro docente respectivo. En ningún caso poderán estas persoas desempeñar as ditas funcións durante dous cursos escolares consecutivos. En consecuencia, non poderán asumir tales cometidos as persoas que o realizasen durante o curso escolar 2009-2010.

As funcións de director/a e colaborador/a non poderán acumularse nunha soa persoa. Unicamente nos casos en que resulte imposible encomendalas a persoas diferentes, a Xefatura Territorial correspondente poderá autorizar a acumulación, tendo en conta que as funcións de director/a só poden ser desempeñadas por quen ostente a dirección do centro.

Os empregados públicos non poderán realizar labores de colaboración na atención do comedor escolar cando deban desempeñar os seus cometidos laborais en coincidencia co horario do servizo de comedor ou con ocasión deste (por exemplo: persoal de cociña, coidadores/as de educación especial e análogos que asistan ao alumnado no comedor).

5. Complementos e compensacións económicas vinculadas á atención do comedor escolar

O importe do complemento por servizos extraordinarios ou da compensación económica dos gastos de dedicación e desprazamentos xerados para o caso de que o labor de colaboración no comedor a realice un membro da comunidade educativa (pais, nais ou titores legais do alumnado), que percibirán o/a director/a do centro e os colaboradores será de 9,39 €, por día de prestación efectiva do servizo, durante a anualidade 2010. No ano 2011 dito importe será actualizado de conformidade coa previsión normativa ao respecto.



Os importes resultantes aboaranse mediante tres pagamentos que comprenderán os meses de setembro a decembro, xaneiro a marzo e abril a xuño, do respectivo curso escolar.

6. Uso do comedor escolar por persoas distintas ao alumnado en comedores de xestión indirecta

O comedor escolar é un servizo educativo complementario destinado ao alumnado. Porén, unha vez garantido o servizo ao alumnado que o solicite, é posible que outras persoas o usen, sempre coa finalidade de garantir o seu mellor funcionamento.

En relación con estes usuarios, convén ter presente os seguintes criterios:

- O persoal docente e non docente que desempeñe labores de atención á totalidade dos usuarios do comedor, pode facer uso del con carácter gratuíto.

O uso gratuíto do servizo limitarase, exclusivamente, aos días de desenvolvemento efectivo do labor de atención ao alumnado. Nos casos nos que tal labor se realice de xeito descontinuo, o persoal do centro deberá aboar o prezo do servizo cando non colabore no comedor.

-O restante persoal, docente ou laboral, que preste servizos no centro escolar e non desempeñe labores en relación coa atención do comedor, non poderá facer uso do servizo de comedor, nin sequera mediante o pagamento de cantidade ningunha.

-As nais, pais e titores de alumnos/as que desempeñen labores de colaboradores/as do comedor escolar, poderán facer uso gratuíto del os días que desempeñen tal función. Os restantes días non terán acceso ao comedor nin poderán facer uso del, nin sequera mediante o pagamento de cantidade ningunha.

7. Uso do comedor escolar por parte de alumnado procedente doutros centros

As Xefaturas Territoriais, logo de informe favorable desta Secretaría Xeral, e sempre que existan instalacións axeitadas e as condicións e limitacións dos contratos subscritos o permitan, poderán autorizar que alumnos/as dun centro escolar accedan a un comedor que funcione noutro centro distinto.



Naqueles supostos nos que os contratos non inclúan tarefas de vixilancia, a autorización condicionarase tamén a que o centro que non conta con comedor achegue o número de colaboradores que corresponda a ese novo alumnado, de acordo coa ratio establecida no artigo 8.5.f) da Orde de 21/02/2007. Estes colaboradores deberán ter, preferentemente, a condición de persoal do dito centro e, en todo caso, polo menos un deles deberá ser membro do equipo directivo do centro de orixe, que será quen exerza, as facultades de control e disciplina.

8. Selección e admisión de usuarios

Nos casos en que existan máis solicitudes que prazas dispoñibles no comedor escolar, seguirase a seguinte orde de preferencia:

- Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido. As admisións derivadas de autorizacións excepcionais outorgadas para dito curso deberán ser avaliadas de acordo con estes criterios de preferencia como novas peticións.
- Alumnado beneficiario do servizo de transporte escolar.
- Alumnado en situación socioeconómica desfavorable ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditado con informe da asistente social do concello que corresponda.
- Alumnado membro de familias numerosas.
- Alumnado fillo de pais e nais traballadores con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.
- Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados fora da área de influencia que lles corresponde.
- Persoal docente e non docente que preste servizos no centro.

9. Aboamento pola utilización do servizo de comedor escolar

A Administración aboaralle o servizo á entidade empresarial que o preste, sen prexuízo de que tales aboamentos se vexan completados coas cantidades que deberán aboar os usuarios que non teñan recoñecido o dereito ao seu uso gratuíto. O devandito aboamento efectuarase mensualmente.

O alumnado e as restantes persoas usuarias do comedor que non teñan dereito á gratuidade aboarán unha cantidade de 3,00 € por día de servizo, ou de 1,50 € por día de servizo, nos supostos de bonificación do 50% do importe a pagar.



O ingreso mensual dos importes correspondentes efectuarase na conta corrente que para o efecto indique a empresa que presta o servizo. A falta de pagamento do servizo dará lugar á imposibilidade de continuar utilizándoo.

Os ditos ingresos forman parte para o empresario do prezo do contrato e son irrenunciabes. Neste sentido, lémbrese que entre as funcións que lle atribúe o artigo 11.2 da Orde de 21/02/2007 a persoa que ostenta a dirección do centro está a de “verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del”.

O alumnado que non pague non terá dereito a utilizar o servizo e a Dirección do centro deberá prohibirle o acceso ao comedor, mentres non regularicen os pagamentos, para o cal contarán cun prazo máximo de 2 meses.

10. Usuarios beneficiarios do dereito á gratuidade total do servizo

a) O alumnado usuario do transporte escolar, salvo que teña servizo de transporte ao mediodía.

b) O alumnado en situación socioeconómica moi desfavorable ou pertencente a colectivos sociais ou étnicos con dificultades de integración que demanden accións de especial protección. Esta circunstancia acreditarase mediante informe do traballador/a social do concello respectivo.

c) O persoal, docente ou non docente, e as nais e os pais e titores legais que realicen funcións de atención ao alumnado no comedor escolar, nos termos previstos no artigo 8 da orde do 21/02/2007.

Cando as funcións de colaboración no comedor se desempeñen de xeito discontinuo, o uso gratuíto do servizo quedará limitado exclusivamente aos días de desenvolvemento efectivo do labor de atención ao alumnado.

d) O alumnado pertencente a unidades familiares que acrediten unha renda anual inferior á que se sinala seguidamente:

Número de membros da unidade familiar	Renda neta anual	Renda familiar máxima
Ata 3 membros	Non superior a 3,5 veces o IPREM	22.365,45 €
4 membros	Non superior a 4 veces o IPREM	25.560,52 €

Para unidades familiares de máis de catro membros engadirase ao importe resultante dos limiares sinalados, tanto no tramo inferior como no superior, 3.056€ por cada novo membro.



e) O alumnado pertencente a unidades familiares que teñan recoñecida a condición de familias numerosas de categoría especial.

11. Usuarios beneficiarios da redución do 50% da tarifa

a) O alumnado pertencente a unidades familiares que teñan recoñecida a condición de familias numerosas de categoría xeral.

b) O alumnado pertencente a unidades familiares que acrediten unha renda anual comprendida entre os tramos seguintes:

Núm. de membros da unidade familiar	Renda neta anual	Renda familiar mínima	Renda familiar máxima
Ata 3 membros	Superior a 3,5 veces e non superior a 5 veces o IPREM	22.365,45 €	31.950,65 €
4 membros	Superior a 4 veces e non superior a 5,5 veces o IPREM	25.560,52 €	35.145,71 €

Para unidades familiares de máis de catro membros engadirase ao importe resultante dos limiares sinalados, tanto no tramo inferior como no superior, 3.163,43 € por cada novo membro.

12. Concepto de unidade familiar

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa IRPF, se ben equiparase á condición dos cónxuxes calquera outra situación análoga de convivencia, que deberá ser acreditada mediante a correspondente certificación do concello.

13. Obtención da renda familiar

A renda familiar obterase por agregación das rendas do exercicio anterior a aquel no que comece o curso escolar de cada un dos membros da unidade familiar, que se calcularán do modo seguinte:

1. Sumarase a base impositiva xeral coa base impositiva do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes aos exercicios anteriores.



2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar viría sendo o resultado da suma das casiñas da declaración do IRPF:

casiña 450 + casiña 452 – casiña 454 + casiña 457 + casiña 460 – casiña 461 –
casiña 741

Tamén podería calcularse mediante a suma das seguintes casiñas:

casiña 455 + casiña 451 + casiña 453 + casiña 465 + casiña 458 – casiña 741

3. Para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non presentasen declaración polo IRPF, seguirase o procedemento descrito no punto primeiro e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte, para o outro integrante da unidade familiar, do certificado de imputacións do IRPF expedido pola AEAT, no que conste que non presentou declaración e os datos dos que dispón a axencia.

- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación no IRPF. Neste supostos, os interesados deberán presentar o certificado de imputacións do IRPF da AEAT acreditativo de non ter presentado declaración do IRPF e os datos dos que dispón axencia.



É preciso trasladarlles aos equipos directivos a importancia que ten, para garantir a boa marcha do servizo e a súa viabilidade económica, a realización das operacións de comprobación anteriores, para as cales se solicita a súa habitual colaboración. Unha vez iniciado o curso escolar efectuarase unha comprobación do grao de cumprimento das presentes instrucións.

14. Acreditación da renda anual familiar

A renda anual familiar acreditarase, ante o consello escolar, mediante a presentación da copia certificada pola Administración tributaria da última declaración do IRPF ou da última certificación de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF. Esa documentación poderá ser substituída por unha autorización á Administración educativa para que obteña os datos necesarios a través das correspondentes administracións tributarias.

A tal efecto, se no momento da confección das listas provisionais de admitidos ao comedor só se puidera aportar a declaración ou certificación do 2008, no posterior trámite de alegacións, previo á aprobación das listas definitivas de admitidos, poderase aportar as correspondentes ao 2009.

15. Centros con servizo de transporte escolar

A admisión de novo alumnado ao comedor non suporá a modificación automática da súa situación respecto do uso do transporte escolar. Esta só se producirá se concorren os requisitos que establece a súa normativa específica, sinaladamente o Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG nº 132, do 9 de xullo), interpretados na Instrución 5/2010 de xestión do servizo de transporte escolar para o curso escolar 2010-2011 desta Secretaría Xeral.

16. Acceso ao servizo por parte de alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden por zona de influencia

De conformidade co disposto polo artigo 38 da Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos, o alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponda, segundo a distribución das áreas de influencia establecida por esta Administración, non terá dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos con carácter gratuíto e sufragados pola consellería.

Co fin de garantir unha aplicación uniforme deste mandato, establécense os seguintes criterios que deberán observar todos os centros:



O alumnado escolarizado nun centro distinto do que lle correspondería, como consecuencia dunha decisión de índole familiar ou individual, carece do dereito á utilización gratuíta do servizo de comedor escolar, calquera que sexa o número de membros ou a situación económica da unidade familiar na que se integra. Tampouco se terá en conta ningunha outra circunstancia que se pretendese alegar para xustificar o acceso gratuíto ao servizo. Por tanto, este alumnado non poderá invocar a aplicación de ningunha das previsións contidas no decreto nin na orde reguladores dos comedores escolares.

Sempre que existan prazas vacantes e instalacións axeitadas, as condicións e limitacións dos contratos subscritos o permitan, e, no seu caso, se cubra a ratio de colaboradores necesaria, a dirección do centro posibilitará o acceso ao servizo deste alumnado, que quedará suxeito á obriga de aboar o prezo total do servizo. A falta de pagamento do mesmo implicará a exclusión do seu uso.

17. Relación nominal de usuarios do servizo e número de comensais.

Mediante o uso da aplicación informática XADE, a dirección de cada centro elaborará a relación nominal do alumnado e os demais usuarios do servizo de comedor, especificando aqueles que teñen dereito á gratuidade, total ou parcial, antes do 30 de setembro de 2009 e a actualizará cando se produzan cambios no número de usuarios e na condición destes, sen prexuízo de que tales modificacións, de ser cuantitativas, precisen previa autorización.

18. Ampliación de prazas nos comedores escolares

O número máximo de comensais que poderán usar o servizo de comedor escolar non poderá exceder dos autorizados a 30 de xuño de 2010 naqueles comedores que viñesen funcionando en tal data.

As solicitudes de ampliación das prazas de comedor autorizadas a dita data formularanse ante a Xefatura Territorial correspondente, que resolverá en primeira instancia de acordo co seguinte criterio general:

Non se autorizará, salvo que concorran circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, ningunha ampliación de prazas que esixa unha modificación contractual. De darse as citadas circunstancias, os Servizos Territoriais elevarán unha proposta a esta Secretaría Xeral que, á vista dos informes que se acheguen, autorizará ou denegará a ampliación.



En todo caso, as resolucións das Xefaturas Territoriais poderán ser recorridas en alzada ante a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que corresponda e o notificará aos recorrentes a aos Departamentos Territoriais.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2010

O secretario xeral

Jesús Oitaven Barcala



ANEXO I

D./D.^a, con DNI.....

DECLARO:

Que formo parte da comunidade escolar do centro.....,
como nai,pai ou titor/titora legal de
alumno/a do dito centro no curso escolar 2010-2011.

Que fun proposto/a polo consello escolar do centro para desempeñar as tarefas
de encargado/colaborador do comedor (márquese a opción que proceda)
durante o curso 2010-2011.

Que fago constar o carácter voluntario e altruísta do meu labor, que realizo a
título de colaboración social desinteresada, sen que implique ningún tipo de
relación contractual ou doutro tipo coa Consellería de Educación e Ordenación
Universitaria e pola cal percibo unha compensación económica polos gastos de
dedicación e desprazamentos xerados pola miña colaboración.

....., de de 2010

Asdo.:



ANEXO II

PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. /D.^a, con enderezo en, provincia de, co DNI núm., *no seu nome propio ou no da persoa a quen represente*, con NIF/CIF, coñezo a contratación do servizo **do comedor escolar do CEIP/CIP/IES** **do Concello de** (provincia) e comprométome a tomar ao meu cargo a execución do contrato, nas seguintes condicións*:

Prezo unitario excluído o IVE:

Prezo unitario incluído o IVE (8%):

Importe total da oferta incluído o IVE (prezo unitario incluído o IVE 8% x núm. máximo de usuarios/as x núm. estimado de días de servizo):

Número de menús ofertados para rotación:

*** Os importes expresaranse en letra e en número (enteiro máis dous decimais)**

Así mesmo, **comprométome ao cumprimento de todas as disposicións vixentes** en materia:

- Laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo
- Protección de datos de carácter persoal
- Contratación das administracións públicas

..... de de

(Sinatura e selo do licitador)



ANEXO III

REQUISITOS MÍNIMOS PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

1. Ter un obxecto social acorde co servizo que vai prestar (elaboración comidas), se se trata dunha persoa xurídica, ou contar coa titulación en manipulador de alimentos, se se trata de persoas físicas

2. Non estar comprendida nas circunstancias establecidas no artigo 49 da LCSP, que impiden contratar coa Administración.

3. Atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias:
 - co Estado
 - coa Comunidade Autónoma de Galicia
 - coa Seguridade Social

1. Estar dado de alta no imposto de actividades económicas (IAE) no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, e estar ao día no seu pagamento

2. Contar cunha póliza de responsabilidade civil que:
 - cubra a actividade que se vai contratar (elaboración de comidas)
 - no centro de ensino no que se vai desenvolver o servizo (CEIP ou IES), ou, como mínimo que cubra a actividade xeral do licitador
 - por un capital equivalente ao orzamento da licitación
 - de duración equivalente, como mínimo, á do contrato

- cubra os riscos de intoxicación alimentaria (RC de productos, ou póliza complementaria por un capital mínimo de 60.000 € para os contratos menores e de 120.000 € para o resto de contratos)



1. Ter realizado un mínimo de 2 traballos similares aos do obxecto deste contrato nos últimos 3 anos

3. Se se trata de comida transportada (elaborada nas instalacións da empresa e transportada ao centro), deberá estar inscrito no Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos e demais autorizacións administrativas, nos supostos nos que así o esixa o R.D 1712/1991, do 29 de novembro, do Ministerio de Sanidade y Consumo,(BOE 4 de decembro).

4. Se o licitador so cociña no seu establecemento, deberá posuír o título/capacitación sobre manipulación de alimentos.

5. Depositar unha garantía definitiva, en metálico ou en aval bancario, por un importe equivalente ao 5% do importe da adxudicación, se este importe é superior a 19.439,99 € (incluído o 8% IVE)



ANEXO IV

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Visto o expediente relativo á contratación do servizo de comedor escolar para o curso 20--/20-- no centro público que se detalla a continuación

e as proposta presentadas polas empresas consultadas, tendo en conta o acordo do Consello Escolar do de de 20-- e o establecido nos artigos 95 e 122 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público,

Proponse:

Adxudicar o contrato do servizo de comedor escolar do
 (indicar o nome do CEIP(CIP/IES) a:

(CIF/NIF.....) polo importe unitario de
€, incluído o IVE (8%), o que supón un montante
 total de€, incluído o IVE para un número máximo de
 usuarios e días estimados de prestación efectiva do servizo.

....., de de 20--

*O/a director/a
 do centro,*

Visto e prace
O xefe territorial



ANEXO IV

Modelo que se poderá obter mediante a utilización da aplicación informática XADE/comedores

RELACIÓN DE USUARIOS DO SERVIZO DE COMEDOR NO MES DE DO 2010

CURSO ESCOLAR 2010/2011

D/Dona, director/a do

CERTIFICA

1º. Que o alumnado relacionado a continuación é usuario do servizo de comedor escolar deste centro. A presente certificación realízase para os efectos previstos no Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro e na Orde do 21 de febreiro de 2007, modificada pola Orde de 13 de xuño de 2008.

Nº	APELIDOS E NOME	NIVEL	CENTRO	TIPO DE USUARIO
				Gratuidade total
				Gratuidade parcial
				Abono 100%



2º. Que as seguintes persoas, non pertencentes ao alumnado do centro, son usuarias do servizo de comedor escolar coa condición que se indica:

Nº	APELIDOS E NOME	CONDICIÓN	TIPO DE USUARIO (Indicar Nº días)	
			Gratuidade total	Abono 100%
			Gratuidade total ()	Abono 100 % ()
TOTAIS:				

.....,..... de de 2010

A/O director/a

SELO DO CENTRO

.....